



■ VIDA ÚTIL DA PORCELANA



Vida útil da porcelana é un recital multimedia, levado a cabo polas poetas Silvia Penas e Samuel Merino, que propón a creación como unha vía de autoficción.

Conscientes de que as grandes preguntas da existencia tiveron, teñen e terán, dun xeito ou outro, respostas a través do discurso, propoñemos o discurso poético como linguaxe última a través da cal experimentar o mundo.

O cerne temático desta proposta é a problemática arredor da imaxe corporal, que moitas veces desemboca nos chamados trastornos de alimentación e noutros tipos de violencia sobre os corpos.





O obxectivo do recital é crear un corpo poético libre dos amarres da normativa hexemónica sobre a aparencia física e traer a luz cuestións de maior profundidade que moitas veces non se teñen en conta á hora de abordar esta temática. Por dicilo doutro xeito, as dúas poetas poñen na palestra todas as violencias que non se exercen sobre o corpo, pero que rematan no corpo.

A poesía, entre todas as formas literarias, artísticas e comunicativas é a máis flexible e permeable, non se ata ao sentido nin ao significado e non permite a constatación; é dicir, ofrece un espazo de liberdade e aleatoriedade moi semellante a vivir.

En Vida útil... conflúen a palabra, a música e a imaxe nun camiño que se bifurca cara a unha meta chea de preguntas.





Silvia Penas é poeta e performer. O seu traballo ten como punto de partida a creación de textos, cunha forte vocación de indagar na poesía escénica e outros formatos de poesía efémera, de incorporar a palabra poética ao corpo a través da voz. Investiga noutros modos de dicir o texto, confiando en que ese dicir conteña unha capacidade mobilizadora cara á acción e á reflexión.

Conta con varios volumes de poesía publicados: en 2009 publica Biografía da multitude en coautoría con Elvira Riveiro Tobío, poemario que acadou o premio de poesía Victorano Taibo dese mesmo ano. En 2013 gaña o I Certame Lueiro Rey de Poesía con *As uñas crecen*. Publícase un ano despois *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores*, poemario que acadou o Premio de Poesía Avelina Valladares.

En 2019 saen do prelo o poemario e o disco homónimo *Fronteira Paraíso*, o primeiro baixo o selo da Editora Urutau e o segundo da formación de poesía escénica *Cinta adhesiva*, proxecto no que é cocreadora canda o músico Jesús Andrés Tejada. O seu último libro publicado é *O resto é céu*, poemario en lingua portuguesa.





Samuel Merino é un creador multidisciplinar que, na actualidade, desenvolve o seu labor arredor dunha poética (escrita e escénica) na que se aprecia a pegada indeleble da súa formación en Filosofía. As súas creacións, de carácter intimista e autorreferencial, poñen o foco na indicibilidade das sensacións que afogan ás persoas pensándose a si mesmas; persoas que reflexionan acerca do lugar que ocupan no mundo e mais tamén do xeito no que este habita os corpos individuais.

No ano 2019 publicou o seu primeiro poemario en español *Enésmima Patada con Amor* ao que seguiu, en 2021, *Trementina*. *Guantanamo - poema nun só acto-*, é o último traballo do autor -primeiro en lingua galega- publicado pola Editora Urutau, que vén de lanzar a súa segunda edición.







VIDA ÚTIL DA PORCELANA

NECESSIDADES TÉCNICAS

- 2 Micros shure SM58 ou similar
- 2 Pés de micro
- 1 Monitor de escenario
- 1 Proxector de tiro corto
- 2 Focos RGBW DMX
- 1 PA >500wts



ruinaltereditions@gmail.com
limites.net
655 902 808